

ANÁLISE

## ECONOMÍA, CAMBIO CLIMÁTICO E POLÍTICAS PÚBLICAS

ALBERTO GAGO RODRÍGUEZ  
XAVIER LABANDEIRA VILLOT  
UNIVERSIDADE DE VIGO

*Nunca como ata agora ten sido máis importante a colaboración público-privada e un amplio acordo social para abordar o problema do Cambio Climático, tal vez o principal reto da nosa civilización neste século. A sabendas de que o horizonte dos problemas climáticos queda lonxe dos intereses da xeración que debe asumir agora sacrificios.*

**H**ai un amplio consenso científico: o Cambio Climático avanza. Os datos e conclusións da Ciencia non admiten dúbida. O ano pasado, o IPCC (2021) predixo que o incremento na temperatura media do planeta sobrepasará nos próximos vinte anos o obxectivo de 1,5º C fixado no Acordo de París para fin de século.

**U**n estudo recente da World Meteorological Organization (WMO 2022) estima que a subida superará ese marxe de seguridade nos próximos cinco anos cun 50% de probabilidade. Estas predicións confirman as realizadas durante os últimos anos por outras prestixiosas insti-

tucións internacionais adicadas a estudar o fenómeno do quecemento global (IPBES 2019) (NASA 2020).

**A**si pois, non hai debate na ciencia: Ao Cambio Climático xa empezou a producir cambios na atmósfera, no océano e na terra, que serán irreversibles e farán máis dano tanto máis tardemos en facerlle frente. Este amplísimo consenso científico evita que perdamos o tempo en discutir sobre a existencia, intensidade e aceleración deste fenómeno, sobre a causalidade básicamente antropoxénica do seu ciclo actual e sobre o potencial carácter devastador das suas consecuencias<sup>1</sup>.

1- Algunhas destas consecuencias empezan a ser ben conocidas, incluso a nivel divulgador : incremento na temperatura dos Océanos, procesos de desxeo acelerado nos Polos, subida no nivel do mar, incremento na frecuencia de eventos climáticos extremos , etc.. E non debéramos esquecer os seus efectos directos sobre saúde e mortalidade. O último informe da Comisión de Contaminación e Saúde de Lancet, publicado en The Lancet Planetary Health - [https://www.thelancet.com/journals/lanplh/article/PIIS2542-5196\(22\)00090-0/fulltext](https://www.thelancet.com/journals/lanplh/article/PIIS2542-5196(22)00090-0/fulltext) - estima que a polución ambiental é responsable da morte prematura de 9 millóns de persoas no mundo, delas un 73% con orixe na contaminación do aire, un 15% na contaminación das augas e un 9% polo verquido de químicos tóxicos.

**O**s riscos e as urgencias son, pois, evidentes. Esta certeza explica que a economía teña dirixido os seus periscopios de investigación hacia os problemas da transición a economías descarbonizadas, multiplicando os enfoques para analizar o impacto económico do Cambio Climático e os instrumentos e políticas que poden sitúalo en sendas asumibles para a vida no Planeta<sup>2</sup>.

## A FACTURA DO CAMBIO CLIMÁTICO

**N**este despliegue de recursos de investigación, a aproximación que fai Medición e Prospectiva dos Impactos Macro-Económicos derivados do Cambio Climático está obtendo resultados que debemos conocer. Tal vez sexa o enfoque de maior complexidade técnica que proxecta a análise económica sobre o fenómeno do Cambio Climático. Consiste na integración dos resultados obtidos por diversos modelos climáticos na modelización macroeconómica de equilibrio xeral para facer prediccións económicas e ambientais a longo prazo.

**C**omo pode verse na Figura 1, o punto de partida son os Modelos Climáticos, que fan Proxeccións sobre Temperatura, Precipitación, Humedade Atmosférica, Nivel do Mar, etc. A partir


da evolución destas magnitudes físicas, constrúense Modelos Cuantitativos para avaliar os posibles impactos por categorías: sobre Colleitas, Inundacións, Olas de Calor, Mortalidade, etc. E estes resultados son incorporados a continuación nos denominados Modelos Económicos Integrados de Cambio Climático, que permiten facer previsións a longo prazo sobre as principais magnitudes económicas: Producción, Consumo, Capital, Traballo, Precios, etc.

**O**s resultados obtidos por este tipo de investigacións deben ser entendidos con cautela, entre outras razóns<sup>3</sup> porque son estimacións a moi longo prazo e refírense a escenarios de inacción que non modelan respuestas das políticas públicas e dos axentes económicos. En todo caso, ainda sendo considerados como umbrales de referencia, os resultados impactantes e preocupantes.

**C**omo pode verse na Táboa 1, a factura da Inacción frente ao Cambio Climático, estimada para 2.100 nun escenario Business as Usual, pode situarse ao redor do 20% do PIB mundial, más cerca do 25% si nos fixamos nos últimos traballos publicados en Nature e Nature Climate Change. Para España, según as estimacións de Burke (2019), os custos da inacción superarían en 2100 o 20% do PIB cun 83% de probabilidade.

2- Esta disposición proactiva recibeu o respaldo e o refrendo da concesión en 2018 do Premio Nobel de Economía a William Nordhaus polos seus traballos para integrar o Cambio Climático no análisis macroeconómico de longo prazo.

3- Porque plantean moitas incertidumes e dificultades de avaliación. As modelizacións a tan longo prazo baséanse en hipóteses e previsións para as que debe admitirse un abano de variabilidade. Porque non sempre contemplan os mismos escenarios – estables ou con previsións de shocks –, nin utilizan as mismas bases datos e períodos, nin se refiren ás mismas zonas xeográficas. Para un análisis máis detallado de todos estos elementos de discrepancia pode consultarse o traballo de Bob Simson : “Economista del Clima”, Finanzas y Desarrollo, Fondo Monetario Internacional, Septiembre 2021, file:///Users/alberto/Downloads/berkeley-solomon-hsiang-climate-economist-profile-es.pdf



Fonte: elaboración propia.

**Táboa 1 : Factura do Cambio Climático: os Custos da Inacción  
(2.100 . Business as usual)**

	Custo en términos de PIB mundial (%)
Nicholas Stern (2011)	20%
Burke, Hsiang, Miguel (2015)	20%
Nature Climate Change (2016)	26%
Burke, Davis, Diffenbaugh (2018)	15-25%
Burke (2019) (Mapa de Probabilidades por países)	>20% (España)

FONTE : elaboración propia

**A**sí pois, debemos asumir que nos enfrentamos a impactos económicos potencialmente moi importantes. A negativa evolución das principais magnitudes climáticas pode causar danos na dotación de capital físico acumulado nas nosas sociedades, no valor das propiedades, nas infraestructuras e nas cadeas de suministros; pode provocar alteracións nos sistemas alimentarios, reducir o número de horas traballadas e a productividade empresarial; pode perxudicar as condicións de habitabilidade en determinadas zonas do planeta e producir éxodos poboacionais; e de seguro incrementará os riscos que deben asumir os mercados financeiros: porque medrarán os activos varados que non poderán ser utilizados (reservas de combustibles, por exemplo), porque produciranse perdidas crecientes nas carteiras de valores comprometidas nos sectores máis afectados e porque non haberá coberturas suficientes para tantos riscos de aseguramento.

## O PAPEL CENTRAL DAS POLÍTICAS PÚBLICAS

**P**olo tanto, é fundamental adoptar decisións estratégicas que mitiguen estos impactos e propulsen o proceso de descarbonización da economía. A principal responsabilidade corresponde ao sector público, que debe fixar a folla de ruta da transición e actuar co arsenal de

## “O HORIZONTE DOS PROBLEMAS CLIMÁTICOS QUEDA LONXE DOS INTERESES DA XERACIÓN QUE DEBE A SUMIR AGORA SACRIFICIOS”

instrumentos de que dispón. Pero, como advirte o Banco de España (2021 : 3), “é imprescindible que as políticas públicas aporten certidume e presten unha especial atención a mitigar, de forma temporal, o maior impacto adverso do cambio climático no curto prazo sobre os colectivos máis vulnerables”. É decir, Políticas Públicas eficaces para alcanzar unha Transición Climática xusta.

**A**s políticas e instrumentos que pode utilizar o Estado para modificar as conductas dos axentes económicos que son nocivas para o Medio Ambiente figuran resumidas na Táboa 2. Nas últimas décadas, a investigación económica está sendo especialmente dirixida hacia a Política de Fixación de Precios ao Carbono, que, como pode verse, utiliza como instrumentos os Mercados de Permisos de Emisión e os Impostos Ambientais.

**O** arsenal de instrumentos é considerable, pero a sua eficacia require de doses elevadas de persistencia, avaliación e cooperación.

**P**ersistencia para contrarrestar os comportamentos retardatarios dos axentes que complican a solución. Esta actitude ten que ver coas expectativas dos axentes privados, pero tamén coa dilación temporal da Externalidade Climática causada polo que Mark Carney, ex - gobernador do Banco de Inglaterra, identificou como “Traxedia do Horizonte” (Carney 2015).

## Táboa 2 : Tipoloxía das Políticas Públicas utilizables nas Estratexias de Mitigación das Emisións de GEI

POLÍTICAS	INSTRUMENTOS
Regulacións Convencionais	Estándares Técnicos (Ambientais) Normas de Mandato e Control Sistemas de Etiquetado (Lebelelling)
Aproximacións Voluntarias	Acordos Sectoriais Programas de Incentivo
Fixación de Precios ao Carbono	Mercados de Permisos de Emisión Impostos

FONTE : elaboración propia

O horizonte dos problemas climáticos queda lonxe dos intereses da xeración que debe asumir agora sacrificios, que debe conterse, autolimitarse, modificar os seus hábitos para evitar “males” que tal vez ocurran dentro de moitos anos, seguramente, ademais, con intensidades diferentes por zonas e países. Neste contexto, o argumento da equidade inter-xeracional ten forza, pero non a suficiente para convencer dos sacrificios e as transformacións que son necesarios para loitar contra impactos negativos que apenas empezan a intuirse.

Avaliación para contrastar efectos e resultados, para evitar interaccións entre instrumentos, para compensar efectos distributivos negativos, para evitar ineficacias. Fixémonos, por exemplo, na denominada paradoxa da adicionalidade, que evidencia un uso errado do instrumento público para fomentar conductas que non precisan incentivo (Gago et al. 2021). Ou na condición de Transición Xusta á que se refiere o Banco de España (2022) e sobre a que fixo fincapé o Comité de Expertos que elaborou o recente

Libro Blanco sobre a Reforma Tributaria (2022), que avalan o uso de instrumentos públicos de fixación de precio ao carbono coa utilización de compensacións distributivas persoalizadas. Esta avaliación de impactos permite depurar a efectividade dos instrumentos de intervención e facilita a sua aceptación social e a cooperación co sector privado.

### A IMPORTANCIA DA COOPERACIÓN CUN SECTOR PRIVADO PROACTIVO

Esta cooperación é crucial e debe ser promovida polo sector público con programas activos de financiación da innovación para a transición, dirixidos ao sector privado, que contrarresten os comportamentos estratégicos retardatarios.

Sempre que se producen cambios tan disruptivos, multiplicanase as resistencias, pero o sector público necesita como socio imprescindible un sector privado proactivo e debe dirixir o marco regulatorio hacia ese obxectivo.

**C**ómo se identifica esa proactividade?. Hai varios indicadores de cando e cómo pode producirse:

1ª. A evolución dos sectores directamente vinculados á combustión, con un volume importante de activos varados<sup>4</sup>, está estancada e as empresas tractoras renuncian a asumir como estratexia corporativa a conservación das ventaxas competitivas do esceario económico precedente.

2ª. As inversión verdes (infraestructuras enerxéticas, enerxías renovables, auga, transporte e movilidade, etc.) empezan a obter rendabilidades crecentes, son intensivas en capital e sopórtanse sobre activos a longo plazo e con volatilidade reducida. Como consecuencia, os principais actores do sector financiero – Banca Privada, Fondos de Inversión, Aseguradoras e Reaseguradores, Plans Privados de Pensiones– comenzan a re-avaliar riscos para incluir o impacto do Cambio Climático nas suas estratexias e limpar as carteiras en favor deste tipo de inversions. O interés corporativo céntrase na identificación do umbral de transición para o cambio<sup>5</sup>.

## “COMO DEMANDA O ACORDO DE PARÍS, HAI QUE ACTUAR AXIÑA PARA MITIGAR OS IMPACTOS MÁIS NOCIVOS DO CAMBIO CLIMÁTICO”

3ª. Os reguladores introducen cambios nos enfoques de supervisión, incorporando o Cambio Climático nos modelos de xestión de riscos, facendo un uso regular de probas de stress para verificar a resiliencia das corporacións frente aos riscos climáticos e avaliando sistemáticamente o impacto de posibles shocks adversos causados polo clima (Villeroy 2019) (NGFS 2019).

**A**si pois, como demanda o Acordo de París, hai que actuar axiña para mitigar os impactos más nocivos do Cambio Climático. E debemos actuar todos simultáneamente porque os cambios de conducta dos axentes económicos, as innovacións tecnolóxicas, as transformacións sectoriais e as inversións que se necesitan non poden ser abordadas de maneira exclusiva polas Políticas Públicas. Nunca como ata agora ten sido máis importante a colaboración público-privada e un amplio acordo social para abordar o problema do Cambio Climático, tal vez o principal reto da nosa civilización neste século.

4- Recursos que deixan de ser usados e activos que se deprecian antes de que poidan ser íntegramente amortizados. Prodúcese un cambio disruptivo que bloquea ou anula o interés e a utilización destos recursos e activos, redúcese rápidamente o seu valor e son desplazados da columna de Activos á de Pasivos no Balance, con grandes pérdidas . O Informe Allianz (2018) estima unha perda contable de 1,6 trillóns de dólares por este motivo.

5- Utilízanse principalmente tres indicadores de transición : Factor de Demanda, que sinala o punto de cruce das demandas da enerxía por combustión e renovables; Factor de Rendabilidade, que identifica o inicio da senda baixista do sector enerxético marrón; Factor de Inversión, que interioriza os riscos dos factores anteriores e dirixe o capital hacia o sector enerxético verde . Para un análise más pormenorizado pode verse a “2020 vision” de Carbon Tracker Iniciative (2018).

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Banco de España (2022) : “Informe Annual 2021. Capítulo 4 : La Economía Española ante el Reto Climático”, <https://www.bde.es/bde/es/secciones/informes/informes-y-memorias-anuales/informe-anual/>

Burke,M. (2021) : “Economic Impact of Climate Change on the World”, <https://web.stanford.edu/~mburke/climate/map.php>

Burke,M., Hsiang,S.M., Miguel,E. (2015): “Global non-linear effect of temperature on economic production”, *Nature Research Letter* : 1-5, <https://web.stanford.edu/~mburke/climate/BurkeHsiangMiguel2015.pdf>

Burke,M., Davis,M.W. , Diffenbaugh,N.S. (2018) : “Large potential reduction in economic damages under UN mitigation targets”, *Nature* 557 : 549-553, <https://pubmed.ncbi.nlm.nih.gov/29795251/>

Carbon Tracker Iniciative (2018) : “2020 Vision : Why You Should See The Fossil Fuel Peak Coming”, Kingsmill Bond

<https://www.carbontracker.org/reports/2020-vision-why-you-should-see-the-fossil-fuel-peak-coming/>

Carney,M. (2015), “Breaking the tragedy of the horizon”, City Dinner, Lloyd’s of London, September(<https://www.bankofengland.co.uk/speech/2015/breaking-the-tragedy-of-the-horizon-climate-change-and-financial-stability>).

Comité de Personas Expertas (2022): Libro Blanco sobre la Reforma Tributaria, Instituto de Estudios Fiscales, [https://www.ief.es/docs/investigacion/comiteexpertos/LibroBlancoReformaTributaria\\_2022.pdf](https://www.ief.es/docs/investigacion/comiteexpertos/LibroBlancoReformaTributaria_2022.pdf)

Gago,A., Labeaga,J.M<sup>a</sup>, López-Otero,X. (2021) : “Cómo utilizar la fiscalidad energético-ambiental para una transición ecológica justa en España”, *ESADEEcPolBrief* 11 Mayo, <https://www.esade.edu/ecpol/es/publicaciones/policy-brief-carburantes/>.

Informe Allianz (2018): “COP24: stranded assets, the trillion dollar question for the energy sector”, [https://www.allianz-trade.com/en\\_global/news-insights/economic-insights/cop24--stranded-assets--the-trillion-dollar-question-for-the-ene.html](https://www.allianz-trade.com/en_global/news-insights/economic-insights/cop24--stranded-assets--the-trillion-dollar-question-for-the-ene.html)

IPCC (2021) : Climate Change 2021. The Physical Science Basis, <https://www.ipcc.ch/report/ar6/wg1/>

IPBES - Plataforma intergubernamental sobre Diversidad Biológica y Servicios de los Ecosistemas (2019) : “Informe de evaluación global sobre biodiversidad y servicios de los ecosistemas”, [https://ipbes.net/sites/default/files/2020-02/ipbes\\_global\\_assessment\\_report\\_summary\\_for\\_policymakers\\_es.pdf](https://ipbes.net/sites/default/files/2020-02/ipbes_global_assessment_report_summary_for_policymakers_es.pdf)

Lancet Planetary Health, The (2022) : “Pollution and health: a progress update”, [https://www.thelancet.com/journals/lanplh/article/PIIS2542-5196\(22\)00090-0/fulltext](https://www.thelancet.com/journals/lanplh/article/PIIS2542-5196(22)00090-0/fulltext)

NASA (2020), “Climate change: How do we know”, <https://climate.nasa.gov/evidence/>

*Nature Climate Change* (2017) : “Money for Climate”, Editorial, vol. 7: 455, <https://www.nature.com/articles/nclimate3343.pdf>

*NGFS-Network for Greening the Financial System* (2019) : A Call for Action. Climate change as a source of financial risk , abril, [https://www.ngfs.net/sites/default/files/medias/documents/synthese\\_ngfs-2019\\_-\\_17042019\\_0.pdf](https://www.ngfs.net/sites/default/files/medias/documents/synthese_ngfs-2019_-_17042019_0.pdf)

*Stern,N.* (2011), Premio Fronteras del Conocimiento, Fundación BBVA, <https://www.premiosfronterasdelconocimiento.es/galardonados/nicholas-stern/>

*Villeroy, F. (Gobernador del Banco de Francia)* (2019). “Climate change: central banks are taking action”. *Financial Stability Review* no. 23 – June 2019. Banque de France. , ([https://publications.banque-france.fr/sites/default/files/media/2019/06/12/fsr\\_villeroy.pdf](https://publications.banque-france.fr/sites/default/files/media/2019/06/12/fsr_villeroy.pdf))

*World Economic Forum* (2020), *Global Risks Report, 15th edition*, World Economic Forum, Geneva ([http://www3.weforum.org/docs/WEF\\_Global\\_Risk\\_Report\\_2020.pdf](http://www3.weforum.org/docs/WEF_Global_Risk_Report_2020.pdf)).

*WMO- World Metereologial Organization* (2022), *WMO Global Annual to Decadal Climate Update* , <https://www.metoffice.gov.uk/about-us/press-office/news/weather-and-climate/2022/decadal-forecast-2022>

